

# CONCURSO SAMAIN

CONCURSO DE DECORACIÓN  
DE CABAZAS:

MODALIDADE XUVENIL  
MODALIDADE "CABAZAS E  
RECICLAXE"



DO 25 DE OUTUBRO AO 2 DE NOVEMBRO  
EXPOSICIÓN E RECOLLIDA NA BIBLIOTECA

AGARDAMOS EXPECTANTES AS  
VOSAS TERRORÍFICAS CABAZAS!!

# BASES DO CONCURSO

## 1. MODALIDADES:

- a. Xuvenil: para todo o alumnado do centro.
- b. Especial: "Cabazas e reciclaxe".

2. As **cabazas** poderán ser **naturais ou non**, poden utilizarse todo tipo de materiais, sendo a caracterización totalmente libre. Na modalidade especial de "Cabazas e reciclaxe", os materiais utilizados terán que ser reciclados, co obxectivo de fomentar o consumo responsable e a reutilización.

3. O prazo de **presentación** será o día **25 de outubro na Biblioteca**.

4. Cada cabaza entregarse xunto a unha **ficha** onde aparezan os **datos persoais do autor/a** (nome, apelidos e curso) e o **título da súa obra**.

5. Tras a recepción da mesma, a **cada cabaza asignaráselle un número** e pasará a **exporse na Biblioteca** co resto de cabazas durante os días **25, 26 e 27 de outubro**. Durante ese período de tempo, o **alumnado poderá votar á cabaza que máis lle guste**.

6. Para a votación das cabazas o alumnado deberá escribir o seu nome e apelidos xunto ao número asignado á cabaza que desexa votar. **Soamente poderá facerse un voto por persoa**, e serán introducidos nunha caixa que estará ao carón da exposición.

7. **PREMIOS:** Se o número de cabazas recibidas para o concurso e menor de 5 en cada especialidade, soamente se concederá un premio.

- a. Modalidade xuvenil: 1º/2º premio
- b. Modalidade especial: 1º/2º premio

## 8. ORGANIZADORES:

IES Indalecio Pérez Tizón  
Aloia Biblioteca  
Equipo de Dinamización Lingüística



**AGARDAMOS A VOSA PARTICIPACIÓN!!**